

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2006


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2006 foi do **1.86 % do desemprego rexistrado na provincia.**

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2006, Vimianzo conta cun 41.92 % dos inscritos na comarca, Camariñas cun 34.54 % e Zas cun 23.54 %

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca segue a mesma tendencia todo o ano segundo o sexo, así diminúe en ambos sexos no segundo e terceiro trimestre do ano, para volver a aumentar no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 57.95 % fronte ó 42.05 % de desemprego masculino, acadando a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano. A media trimestral delas foi de

701 paradas, maior número que a media trimestral do ano anterior (668). Os homes desempregados presentan unha media de 509 desempregados, inferior ós 537 de media trimestral do ano anterior.


Cadro nº1: **DESEMPREGADOS POR SEXO**

2005	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	600	719	1319	70377
Segundo	513	710	1223	62794
Terceiro	424	657	1081	60536
Cuarto	499	720	1219	65681

Cadro nº 2: **DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	129	346	289	257	298	1319
SEGUNDO	110	295	277	243	298	1223
TERCEIRO	88	264	233	218	278	1081
CUARTO	121	285	288	244	281	1219

Se facemos tres grandes grupos de idade tendo en conta os menores de 25 anos, os de 25 – 44 anos e os maiores de 45 observamos que a maior porcentaxe de desempregados se sitúa no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 47.02 %. Os parados maiores de 45 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 43.72 % de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 9.26 % do desemprego comarcal.




Cadro nº3: **DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	77	222	184	134	102	719
SEGUNDO	70	200	190	137	113	710
TERCEIRO	63	188	167	132	107	657
CUARTO	71	195	195	141	118	720

Cadro nº 4: **DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE**


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	52	124	105	123	196	600
SEGUNDO	40	95	87	106	185	513
TERCEIRO	25	76	66	86	171	424
CUARTO	50	90	93	103	163	499



O **paro feminino** caracterízase por ser superior en porcentaxe ó paro masculino en tódolos grupos de idade agás entre os maiores de 54 anos no que os homes desempregados superan ás mulleres. Isto probablemente sexa debido a que a poboación

activa é moi superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 25 - 44 anos.

As maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de maiores de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ó grupo de 25 - 34 anos e ó grupo de 35 - 44 anos. Hai que salientar que o maior descenso de desempregados durante os meses de verán se produce entre os menores de 25 anos.




O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 58.51% de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 27.44 % teñen a ensinanza obrigatoria e só un 2.64 % de demandantes de emprego posúen titulación universitaria. A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
OUTRAS TITULACIÓNS	0	1	0	0
UNIVERSITARIOS	41	32	28	28
BUP/BACHAREL SUPERIOR/COU	31	28	27	32
FORMACIÓN PROFESIONAL	114	105	93	120
ENSINANZA OBRIGATORIA	365	334	296	334
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	768	723	637	705
TOTAL	1319	1223	1081	1219

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.




O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	17	88	105	25	44	69	20	31	51	26	38	64
Agricultura e pesca	17	88	105	25	44	69	20	31	51	26	38	64
SECTOR SECUNDARIO	185	60	245	174	55	229	189	46	235	198	48	246
Industria	185	60	245	174	55	229	189	46	235	198	48	246
Electricidade	0	60	60	0	0	0	0	0	0			0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	50	266	316	42	252	294	34	212	246	32	251	283
Construcción	50	266	316	42	252	294	34	212	246	32	251	283
SECTOR SERVICIOS	353	152	505	348	135	483	292	111	403	332	129	461
Comercio e hostalería	160	56	216	159	52	211	134	44	178	150	48	198
Transporte e comunicacións	5	22	27	4	17	21	0	14	14	0	17	17
Outros servizos	188	74	262	185	66	251	158	53	211	182	64	246
SEN EMPREGO ANTERIOR	114	31	145	121	24	145	120	22	142	129	32	161
CON EMPREGO ANTERIOR	605	566	1171	589	486	1075	535	400	935	588	466	1051
Total	719	597	1316	710	510	1220	655	422	1077	717	498	1215


Máis do 86 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 14 % é demandante de primeiro emprego. Respecto do mesmo período no ano anterior incrementouse nun punto porcentual os demandantes de primeiro emprego. Esta tendencia de incremento relativo dos demandantes de primeiro emprego vese confirmada no cuarto trimestre do 2006 observándose un aumento na porcentaxe de parados e paradas que buscan o primeiro emprego, no grupo de desempregados con emprego anterior obsérvase unha diminución non desempregados no segundo e terceiro trimestre do ano para volver incrementarse no cuarto trimestre.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son a construción, outros servizos, industria e comercio / hostalería. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de diminución no número de parados no segundo e terceiro trimestres do ano, para volver a aumentar de novo no cuarto trimestre aínda que existen distintos comportamentos no número de desempregados segundo os sectores que avaliemos.




Nos distintos sectores se producen aumentos ou descensos significativos no segundo terceiro e cuarto trimestre sobre todo na agricultura – pesca, comercio/hostalería e outros servizos. Ó remate do verán danse os peores resultados de desemprego no sector da construción e outros servizos. Aínda que no cuarto trimestre aumentan o número de desempregados non se acadan os niveis de desemprego do primeiro trimestre.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	31	51	82	22	83	105	7	52	59	7	34	41
Agricultura e Pesca	31	51	82	22	83	105	7	52	59	7	34	41
SECTOR SECUNDARIO	92	52	144	113	66	179	97	69	166	133	59	192
Industria	92	52	144	113	66	179	97	69	166	133	59	192
Electricidade	0	0	0	0	0	0						
SECTOR CONSTRUCCIÓN	13	237	250	10	209	219	26	226	252	21	159	180
Construcción	13	237	250	10	209	219	26	226	252	21	159	180
SECTOR SERVICIOS	307	98	405	216	141	357	270	229	499	202	101	303
Comercio e hostalería	227	42	269	142	46	188	104	62	166	99	52	151
Transporte e comunicacións	4	9	13	14	4	18	26	34	60	6	10	16
Outros Servizos	76	47	123	60	91	151	140	133	273	97	39	136
TOTAL	443	438	881	361	499	860	400	576	976	363	353	716




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores de agricultura – pesca, industria, transporte e comunicacións e outros servizos. No terceiro trimestre (época de verán)

aumenta na construción, comercio / hostalería, transporte / comunicacións e outros servizos para diminuír nos restantes sectores, é dicir, agricultura – pesca e industria. No cuarto trimestre aumenta a contratación só no sector da industria.


Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente masculino, máis dun 54 % aínda que cómpre salientar unha diminución de 4 puntos respecto do porcentaxe do ano anterior. Os sectores máis masculinizados son a construción e agricultura / pesca. A maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores da industria e comercio/hostalería.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que só no primeiro e cuarto trimestre as contratacións femininas superan o número de contratos masculinos pero a diferenza porcentual non é significativa. A medida que vai avanzando o ano atopamos un descenso paulatino no porcentaxe de contratacións femininas e un aumento nas contratacións masculinas.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre son sectores fortemente masculinizados a agricultura/pesca e a construción. A maioría da contratación feminina prodúcese no comercio / hostalería, noutros servizos e na industria.



No segundo trimestre tanto homes coma mulleres son contratados en tódolos sectores, aínda que no sector industria, comercio / hostalería e transporte/comunicacións o porcentaxe é moi superior en canto a contratación feminina.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre é onde a porcentaxe de contratación feminina é a máis baixa respecto da contratación masculina. Só se supera a metade dos contratos na industria, no comercio / hostalería e noutros servizos. O sector doutros servizos é o que acada as mellores cifras de feminización neste terceiro trimestre.



No cuarto trimestre observamos por segunda vez no ano que a porcentaxe de contratación feminina é superior á contratación masculina, sobre todo nos sectores da industria, comercio / hostalería e outros servizos. Aínda que a dita porcentaxe segue a estar por debaixo no resto de sectores (agricultura – pesca, construción e transporte / comunicacións), hai que salientar que neste último sector as diferenzas son pouco significativas.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓN DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	118	58	54	51
ALBANEIS E CANTEIROS	88	69	85	55
PEÓNS FORESTAIS	41			
CARPINTEIROS (AGÁS ESTRUTURAS METÁLICAS)	36		46	39
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	32	32	47	39
XASTRES, MODISTOS E SOMBREIREIROS	31	62		66
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS E MANTEMENTO DE ESTRADAS...	31			
MATACHÍNS E TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS CÁRNICAS E DO PEIXE	29			
TRABALLADORES EN FORMIGÓN ARMADO, ENFUSCADORES...	28		33	
PARQUETEIROS, SOLADORES E ASIMILADOS	23	24	25	
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA		69	34	21
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES		52	39	
DEPENDENTES E EXHIBIDORES EN TENDAS, ALMACÉNS...		28	25	19
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS DERIVADOS DE CARNE, PEIXE OU MARISCO		28		
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS		26		20
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS			34	18
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS, CAMAREIRAS DE PISO...				21


Entre as ocupacións máis contratadas atopamos catro grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: peón de industrias manufactureiras; albaneis e canteiros; operadores de máquinas de coser e bordar.
2. Ocupacións que se manteñen durante tres trimestres do ano: carpinteiros (agás estruturas metálicas); xastres, modistos e sombreireiros; parqueteiros, soladores e asimilados; pescador por conta allea de altura; dependentes e exhibidores en tendas, almacéns...


3. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: peóns forestais; peóns de obras públicas e mantemento de estradas; matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe; operadores de máquinas para elaborar produtos derivados de carne, peixe ou marisco; persoal de limpeza de oficinas, hoteis, camareiras de piso...
4. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: traballadores en formigón armado, enfusadores...; compositores, músicos e cantantes; camareiros, barmans e asimilados; peóns da construción de edificios.

Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	324	359	313	359
Peón da construción de edificios	158	146	111	129
Dependente de comercio, en xeral	150	138	129	153
Albanel	118	111	97	124
Asistente domiciliario	87	82	86	90
Pinche de cociña	85	96	89	96
Empregado administrativo, en xeral	78	63	61	69
Operador máquina ind.coser á plana...	71	71	78	84
Caixeiro de comercio	67	68	64	72
Mariñeiro de buque de pesca	65			
Operador de máquinas de pasar o ferro de confección industrial		58	57	79



Atopamos no ano 2006 un número similar de ocupacións con correspondencia entre as demandas das persoas paradas e os contratos realizados, indicador dunha maior adaptación entre as ocupacións demandadas e ofertadas no mercado laboral, sen embargo tamén é salientable unha menor coincidencia entre as cantidades totais de demanda e oferta nestas ocupacións polo que segue a ser necesario o axuste entre as cantidades de persoas demandantes e número de postos ofertados.



As demandas dos desempregados coinciden con CINCO das 10 ocupacións máis contratadas no ano 2006. As diferenzas entre demandas e ofertas máis salientables son:

1.- En dúas das ocupacións é maior o número de contratacións que o de demandas. As ditas ocupacións serían: albaneis e canteiros; e operadores de máquinas de coser e bordar.

2.- Por outra banda atopamos ocupacións máis demandadas que contratadas pero que só aparecen entre as 10 primeiras. Serían as de dependentes de comercio, persoal de limpeza e peóns da construción de edificios.

3.- Aparece unha maior demanda dos desempregados e desempregadas en ocupacións con poucas contratacións tales como pinche de cociña, asistente domiciliario, pasadora de ferro ou empregado administrativo, en xeral.

4.- Aparecen tamén ocupacións con contratación que non están entre as máis demandadas polos parados e paradas: peón de industria manufactureira; xastres, modistas e sombreireiros; pescadores de altura; carpinteiros (agás estruturas metálicas); compositores, músicos e cantantes; parqueteiros, soladores e asimilados.

De todo isto concluímos que é necesaria unha orientación que mellore a relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.

Comparando os datos relativos ó ano 2005 recollidos no estudo de Saídas Profesionais Comarcais, os datos da páxina web do Instituto Galego das Cualificacións do 2006 e os datos do noso estudo comarcal observamos o seguinte:

- Ocupacións de **Ocupabilidade laboral alta**: aquelas que aumentan o número de contratados con respecto á media do período 2001 - 2005 e presentan superávit de contratación.

Segundo os datos que manexamos no noso estudo non entraría como esta prioridade as ocupacións de condutor de camión nin a de pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados xa que non aparecen no listado das 17 ocupacións máis contratadas da comarca.

- Respecto ó apartado de **ocupabilidade laboral media** nós consideramos que a ocupación de carpinteiros, que se refire claramente a carpinteiros de madeira debería aparecer como de ocupabilidade laboral alta porque pola nosa experiencia si hai bastantes ofertas nos concellos da zona deste posto de traballo pero non se atopan traballadores axeitados.